

## Palabras para unha ausencia

**Luciano Rodríguez**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2011 [1987]). “Palabras para unha ausencia”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 12, 61-64. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/102>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (1987). “Palabras para unha ausencia”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 12, 61-64.

\* Edición dispoñíbel desde o 22 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# PALABRAS PARA UNHA AUSENCIA

Luciano Rodríguez

## I

Nesta “ESTACIÓN: INVERNO”

*Non ten fin este río que envellece  
no árido crepúsculo.*

(...)

Non hai palabras que enchan o oco da túa ausencia; mentres, seguimos

*(...) na ourela deste río  
por onde as barcas pasan cara á morte.*

E pregunto –preguntámonos–: ¿u é o noso amigo?.

Eusebio está connosco: no recuerdo, nos xestos, na palabra e nos libros.

¿Quen con vintecatros anos pode deixar tanto escrito?.

Digámolo xa: Eusebio era un letraferido e só lle deu tempo de nos dicir o moito que podía facer.

Velaí os ensaios sobre a poesía de Aquilino Iglesia Alvariño (*Grial*, 88), de Nuno Júdice e a poesía portuguesa actual (*Grial*, 90) ou de Álvaro Cunqueiro (*Grial*, 94); mostra xusta, precisa e clara da súa agudeza e capacidade de análise.

Mais o seu traballo propiamente creativo –ensaio tamén é creación– recóllese en tres libros de poemas –*Os días olvidados* (1985), *O corpo e as sombras* (1985) e o póstumo *A morte presentida* (próximo a saír en Sotelo Blanco Edicións, Col. Le-liadoura)– e unha fermosa novela: *Libro das viaxes e dos soños* (1986).

Nalgures dicía Eusebio que,

(...) Escribir é olvidar, olvidar é recuperar os silencios que perdemos”.

(...)

“O poema é o que queda, o que nos falta; un nome e un rostro, o desexo nos ollos luminosos do escravo, o recendo da froita, a primeira estación e a última (1).

E esta mesma proposta –que ben podemos facer extensiva a toda a súa obra– é a que tamén achamos nun dos primeiros poemas de *Os días olvidados*:

*DO CENTRO E DAS MARXES*

*Busco nun tempo  
nacido para a sombra  
o reflexo do tempo  
sobre a orde incerta das cousas.*

(1) “Poética” para a antoloxía *Desde a palabra, doce voces*. Sotelo Blanco Edicións, Barcelona, 1986, p. 319.

*Busco nos areais e polas praias  
aquele que sempre vive cara ao centro de si  
e búscome a min  
en ti,  
por iso digo praia, sombra,  
palabra...  
Porque samente quero  
tecer con vellos versos o que nos falta.*

Todo tempo devén en sombra e el quere recuperar a perda inexorable dos días:  
*tecer con vellos versos o que nos falta.*

Lúcida e friamente reflexiona sobre a condición –concepción– do poema e do home, asumindo o herdo de toda unha tradición.

A poesía de Eusebio Lorenzo está ateigada de guiños e referencias culturais; mais isto non resta autenticidade aos seus versos xa que ese caudaloso río de referencias fala das augas dun home que se busca desde o presente, que recorre ao que foi e que presente –¡ai, a ferida!– un inevitable “final”.

O seu mundo poético é cruzado por unha simboloxía de corte clásico (tamén clásica a súa expresión): os ríos do tempo, da existencia, han ser salvados por medio da memoria que olvido quixer destruír.

Tematicamente a poesía de Eusebio mantense fiel a unhas constantes xa formuladas en *Os días olvidados*, se ben en *O corpo e as sombras* e *A morte presentida* focalizará, fundamentalmente, a continxencia do ser.

A temática varia e dispersa de *Os días olvidados* podemos reagrupala, seguindo a Román Raña Lama (2), en catro apartados:

– Evocación –homenaxe– de escritores por el ben amados e queridos (Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Meendiño) e recreacións culturais, fundamentalmente figuras da mitoloxía grega ou da poesía árabe.

– Un segundo bloque estaría constituído polos poemas amorosos: amor como carencia, amor contrariado, amor que se asocia á idea de morte. Non tanxe a corda amorosa no tradicional sentido da palabra.

– O terceiro bloque –o máis abondoso– sería aquel onde o eu reflexiona sobre si e os efectos do paso do tempo (“Solitario”, “1962”, “Clepsidra”, “Tres soños”...)

– Por último teríamos un cuarto apartado no que os poemas teñen como motivo a reflexión sobre o acto creativo e a xénese da poesía.

Mais abstraendo e esencializando estes rasgos temáticos que se sinalaron, tamén aquí nos achamos perante unha desolada reflexión sobre a condición finita do humano.

---

(2) RAÑA LAMA, Román. *O grupo poético de Vigo*. Tesiña de Licenciatura. Universidade de Santiago, 1986. (Inédita): pp. 178-179.

Con *O corpo e as sombras* vaise centrar máis nos dous temas de seu: sombría contemplación da condición do “eu” no río sen retorno do tempo:

*Non hai retorno.  
O espacio é pedra (...)  
Non retorna o poeta e paso a páxina.  
Tamén a luz laranxa do crepúsculo  
toca, fugaz, efémera; o meu verso.*

e recreacións culturais de autores, figuras e lugares de épocas e procedencias diversas.

Pero todos os poemas de *O corpo e as sombras* –independentemente da súa temática– fálannos de

*(...)  
a estraña condición que me acompaña  
(...)  
outra sombra que son e agora teño.*

Se nos anteriores poemarios había o símbolo dominante do río, en *A morte presentida* estamos fronte ao mar ou no mar: xa se acha nas lindes e non se presente a fin se nón que se ten a certeza:

*de sabernos perdidos nun túnel sen retorno.*

como nos di no verso que pecha *Un poema de outro tempo*.

Nas dúas partes en que se estrutura *A morte presentida* –“I. Silencio: Figuras” 8 e “II. Para o regreso”– volvemos aos seus temas máis queridos pero neste caso instrumentalizados como dramático e inminente “ensaio dunha despedida” ao saber da,

### INÚTIL INSISTENCIA

*Perguntar polas cousas, darlles nomes exactos,  
posuir un vento ábrego, un vento feliz  
que consuma a extinción da batalla  
é inútil.  
Só quedará unha palabra a alzarse  
nas murallas  
como saída do eco dunha frauta fermosa.  
Inútil, alma, será entón  
preguntar polas cousas, polas horas inuteis,  
e comece o lamento de agora  
para a fin dos meus días.  
E que nunca sexas tentada  
pola incuria do corpo vencido e infame.  
Parte lixeira como parte  
o amor coa alba  
a lugares de acougo  
porque inútil será todo o esforzo  
e baleira a ocasión, a insistencia.*

#### IV

Nesta “ESTACIÓN: INVERNO”

*Non ten fin este río que envellece  
no árido crepúsculo.*

*(...)*

Non hai palabras que enchan o oco da túa ausencia; mentres, seguimos

*(...) na ourela deste río  
onde as barcas pasan cara á morte.*

E recordo... E miro... e vexo o que non vexo.



Eusebio Lorenzo e a súa compañeira.